



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCESO SELECTIVO FUNCIONARIO: ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACION XERAL, OPOSICIÓN LIBRE, CON RESERVA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (EXPDTE. 2021/X999/000212)

CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.

En Ordes, a 14 de xuño de 2022, sendo as dez horas e trinta minutos reúnese a distancia por medios electrónicos (videoconferencia) (art. 17.1 Lei 40/2015, de 1 de outubro, LRXSP) o Tribunal que ha de xulgar o PROCESO SELECTIVO FUNCIONARIO: ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACION XERAL, OPOSICIÓN LIBRE, CON RESERVA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE, convocada por resolución de alcaldía nº 865/2021, de data 18 de agosto de 2021.

Asisten:

- **Presidente:** Javier Siro Suárez Rodríguez, Interventor xeral municipal.

- **Vogais:**

Juna Francisco González Framil, Técnico financeiro tributario da Deputación Provincial de A Coruña.

Beatriz Oveja Villafañe, Secretaria Interventora do Concello de Tordoia.

Jesús Cea Vázquez, Administrativo do Concello de Melide.

- **Secretario:** María José Nartallo Penas, Secretaria-Interventora do Concello de Trazo.

Pola Presidencia de conformidade co establecido na Base 6º e Base 9 declárase constituído o Tribunal, así como o comezo das probas do proceso selectivo.

Seguidamente polo Tribunal procédese ao exame das solicitudes presentadas polos aspirantes de adaptación de tempo e medios para a realización das probas da oposición, xunto coa documentación á que se refire a Base 19ª:

- Solicitud presentada polo aspirante: Xesús Manuel Ríos Pena, con DNI nº ***6739**.
- Informe Orde Pre 1822/2006, de 9 de xuño, de data 06/06/2022, da Sección de Cualificación e Valoración de Discapacidade de A Coruña

Polo Tribunal acórdase a adaptación para este aspirante de tempo e medios precisos para a realización dos exercicios da oposición: Ampliación de 15 minutos de proba escrita por cada hora de proba escrita (aplicando a proporción do 25% do tempo).

Por último polo Tribuna procédese a fixar os criterios para a preparación do PRIMEIRO EXERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO, cuestionario, tipo test, de 40 preguntas, relativas a todos os temas do programa establecido no Anexo I.

Recursos: Por tratarse dun acto de trámite (art. 112.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro), non cabe recurso en vía administrativa.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as dez horas e cincuenta minutos do día ao



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

principio sinalado.

Ordes, documento asinado na data da sinatura dixital.

O Presidenta,
Javier Siro Suárez Rodríguez

A Secretaria,
María José Nartallo Penas